




## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO  
E-mail: correo@boimorto.es

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
Web: www.concellodeboimorto.es



### REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO ( A CORUÑA).

**CERTIFICO:** Que a Alcaldesa con data dous de febreiro de dous mil quince, ditou o Decreto que deseguido se transcribe literalmente:

<<**Decreto:** 33 / 2015 **Data decreto:** 02/02/2015 **Descrición decreto:** Resolución recurso reposición rectificación erros e publicación bases selección persoal laboral temporal.

### DONA ANA LEDO FERNÁNDEZ ALCALDESA DO CONCELLO DE BOIMORTO ( A CORUÑA )

Visto o recurso de reposición interposto con rexistro de entrada 79 en data 15/01/2015 por D.Xosé Luís Rivas Cruz e recurso de reposición interposto por D. Gonzalo Concheiro Coello en data 15/01/2015 con entrada nº 84, en relación á convocatoria e ás bases de selección de persoal laboral temporal praza de condutor/a aprobadas por decreto da Alcaldía nº 7/2015 en data 13/01/2015.

Visto informe de secretaría de data 20/01/2015 en relación a ditos recursos.


Considerando que pode eliminarse como requisito de participación por nulidade o requisito do empadramento en Boimorto e que os demais motivos de recurso poden ser desestimados.

Polo presente en uso das facultades outorgadas a esta Alcaldía pola lexislación vixente  
**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Estimar os recursos de reposición indicados nos considerandos deste decreto rectificando as bases de selección de condutor/a residencia aprobadas en decreto 7/2015 en relación só co requisito de empadramento como requisito de participación que queda eliminado, e desestimar as demais alegacións do recurso interposto por D.Gonzalo Concheiro Coello con fundamento no informe de secretaría que consta no expediente.

**SEGUNDO.-** Aprobar as bases de selección deste persoal coa rectificación indicada, persoal que urxentemente debe cubrir ditas tarefas na residencia e centro de día para evitar o prexuízo organizativo e económico de seguir atendendo as funcións deste persoal a seleccionar co persoal xa contratado, quedando tal e como seguen ditas bases trala rectificación indicada:

**BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN, POLO SISTEMA DE CONCURSO OPOSICIÓN, DUNH/A CONDUTOR/A DO SERVIZO DE TRANSPORTE SOCIAL ADAPTADO E AUXILIAR DE ACOMPAÑAMENTO DA RESIDENCIA DE PERSOAS MAIORES E CENTRO DE DÍA DE BOIMORTO.**



### **Primeira.- Obxecto da Convocatoria**

O obxecto da presente convocatoria é a contratación laboral temporal, mediante concurso oposición, dunh/a condutor/a do servizo de transporte social adaptado e auxiliar de acompañamento da Residencia de persoas maiores e Centro de día de Boimorto, persoal laboral temporal por contrato de servizos de duración determinada, para a realización de tarefas de transporte e auxiliar de acompañamento dos/as usuarios/as da Residencia e o centro de día de Boimorto entre elas:

- a) Condución e tarefas propias de utilización do vehículo e seu mantemento e limpeza.
- b) Recollida e traslado de persoas usuarias da Residencia e Centro de día de Boimorto e acompañamento nas saídas, paseos, xestións, excursións, citas médicas xogos e tempo libre en xeral.
- c) Colaborar co equipo de profesionais mediante a realización de tarefas elementais que complementen os servizos especializados daqueles, para proporcionar a autonomía persoal do residente e a súa inserción na vida social.
- d) En todas as relacións ou actividades co residente, procurar complementar o traballo asistencial, dos profesionais respectivos.
- e) Actuar na coordinación e baixo a responsabilidade dos profesionais de que dependen directamente.
- f) En xeral, todas aquelas actividades que, sen seren especificadas antes, lle sexan encomendadas, que estean incluídas no exercicio da súa profesión e preparación técnica e que teñan relación co sinalado anteriormente e sexan encomendadas por Alcaldía.

Contrato laboral de carácter temporal, a xornada completa partida na modalidade de servizo determinado, cunha duración ata 31/12/2015 en relación co proxecto de posta en marcha do servizo de Residencia e centro de día de Boimorto.

As retribucións serán as previstas no convenio colectivo do sector de residencias privadas da terceira idade da Comunidade Autónoma de Galicia na categoría profesional de condutor/a ( Resolución do 6 de novembro de 2013, da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación no Diario Oficial de Galicia do convenio colectivo do sector de residencias privadas da terceira idade da Comunidade Autónoma de Galicia, publicada en DOG núm. 227 do 27 /11/2013): 1.126,58 euros/ mes incluíndo prorrateo de extra e complemento de asistencia.

## **Segunda.- Requisitos dos/as aspirantes**

a) Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 da mesma norma. “Artigo 57 referido ao acceso ao emprego público de nacionais doutros Estados, nos seguintes termos:

.- Os nacionais dos Estados membros da Unión Europea poderán acceder, como persoal funcionario en igualdade de condicións que os españois ós empregos públicos, con excepción daqueles que directa ou indirectamente impliquen unha participación no exercicio do poder público ou nas funcións que teñen por obxecto a salvagarda dos intereses do Estado ou das Administracións Públicas.

A tal efecto, os do Goberno das Administracións Públicas determinarán as agrupacións de funcionarios contempladas no artigo 76 á que non poden acceder os nacionais doutros Estados.

.- As previsións do apartado anterior serán de aplicación calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito e os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes.

.- O acceso ao emprego público como persoal funcionario, estenderase igualmente á persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, nos termos establecidos no apartado 1 deste artigo.

.-Os estranxeiros ós que se refiren os apartados anteriores, así como os estranxeiros con residencia legal en España poderán acceder á Administración Pública como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.

Conforme o artigo 1 da Lei 17/1993, de 23 de decembro, en redacción dada pola Lei 55/1999 de 29 de decembro, poderán tomar parte nas probas selectivas, ademais dos españois: 1)os nacionais dos demais Estados membros da Unión Europea, do Reino de Noruega ou da República de Islandia, 2)os cónxuxes dos españois e os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, do Reino de Noruega ou da República de Islandia, sempre que non estean separados de dereito, así como os seus descendentes e os do seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, menores de 21 anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas.

Os aspirantes que non teñan a nacionalidade española deberán acreditar o cumprimento dalgún dos requisitos anteriores xuntando á solicitude fotocopia compulsada do documento de identidade ou pasaporte. As persoas incluídas no apartado a.2) deberán presentar, ademais, os documentos expedidos polas autoridades competentes que acrediten o vínculo de parentesco e, no seu caso, unha declaración xurada ou promesa do español ou do nacional da Unión Europea, de Noruega o de Islandia co que existe este vínculo de que non está separado de dereito do seu cónxuxe, ou de que o aspirante vive as súas expensas.

As persoas que non teñan nacionalidade española que superen o proceso selectivo non poderán desempeñar postos de traballo que supoñan a participación directa ou indirecta no exercicio do poder público. A Administración será a competente para determinar cales serán ditos postos de traballo.”

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. Non padecer enfermidade nin estar afectado por doenza física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións. No caso de minusvalía que non impida o exercicio das súas funcións deberá xustificarse por medio de certificación da Consellería competente da Xunta de Galicia.



- c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder no seu caso da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos constitucionais ou estatutarios das CCAA nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares á que desempeña no caso de persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. De ser nacional doutro Estado non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984 do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.
- f) Serán requisitos específicos en aplicación do disposto no artigo 56.3 da Lei 7/2007 os seguintes:

**a)Requisito de titulación:**

**a) Certificado de escolaridade ou certificado de estudos primarios ou equivalente. Copia compulsada.**

**b) Permiso BTP en vigor.**

**DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUNTO COA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN; NON OBRIGATORIA ACREDITACIÓN COÑECEMENTO DO GALEGO**

De presentar esta documentación os/as aspirantes que estean en posesión do **Celga 2** ou equivalente estarán exentos da realización de proba de acreditación do coñecemento do galego.

De non acreditarse o coñecemento do galego por non presentar a documentación requirida neste apartado será obrigatoria a realización dun exercicio entrevista para os que non acrediten o coñecemento do galego, na data fixada polo Comisión Seleccionadora.

Exercicio de coñecemento de galego, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá nunha proba oral preparada polos servizos de normalización lingüística do concello nun tempo máximo de dez minutos. O exercicio será cualificado de apto e non apto e terá carácter eliminatorio.

Será corrixido e farase proposta de aptitude pola Normalizadora lingüística para finalmente adoptarse a decisión pola Comisión seleccionadora, que será convocado para a realización deste exercicio antes do outorgamento de puntuacións finais e proposta dos/as candidatos/as.

**Terceira.- Presentación de solicitudes e proceso de selección**

O Concello de Boimorto dará publicidade á convocatoria e as bases de selección por anuncios no taboleiro de editos do Concello e na páxina web.

Cada aspirante terá como data límite de presentación de instancias no rexistro xeral do Concello para a participación neste proceso selectivo dende a publicación no taboleiro de

anuncios do Concello e na páxina web ( contando dende a última publicación ) ata o día 20/02/2015 incluído ás 15:00 horas, solicitude de instancia de participación cuxo modelo se adxunta no Anexo II, dirixida á Sra. Alcaldesa no Rexistro Xeral do Concello de Boimorto.

A instancia acompañarase de

.-Fotocopia compulsada do DNI

.-Copia cotexada do título ou declaración ou certificado de estar en condición de obtelo título esixido nas bases para a praza antes da sinatura do correspondente contrato.

.- Toda a documentación orixinal ou compulsada acreditativa do cumprimento dos requisitos de participación contados na cláusula segunda destas bases.

.- A relación de méritos que aleguen, nomeados segundo a orde establecida no apartado de méritos.

Non serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de instancias, nin aqueles documentos que non conteñan os datos que segundo as presentes bases sexan necesarios para valorar os méritos a que se refiren.

A documentación presentada deberá ir acompañada pola solicitude que aos interesados se lles facilitará no rexistro do Concello.

Serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web as listas de admitidos e excluídos coa motivación da exclusión elevándose a definitiva a lista provisional de admitidos de non existir excluídos e outorgando dous días hábiles aos excluídos no seu caso para alegacións sendo necesaria aprobación de lista definitiva.

Trala lista provisional elevada a definitiva ou lista definitiva de admitidos procederá a Comisión seleccionadora a valoración dos méritos dos/as aspirantes admitidos/as.

#### **Cuarta.- Comisión Seleccionadora**

Estará integrada polos seguintes membros:

Presidente:

A Técnica en intervención familiar- psicóloga do Concello de Boimorto (D<sup>a</sup> Teresa Gómez Cea)

-Suplente presidente: a Traballadora social do Concello de Toques ( D<sup>a</sup> Guadalupe Vázquez Ascariz)

Vogais:

1º vogal: O Encargado de obras e urbanismo do Concello de Boimorto ( D Luís González Guerra)


-Suplente 1º vogal: O Encargado de servizos do Concello de Boimorto ( D Manuel Vázquez García)

2º vogal: A Traballadora social do Concello de Boimorto ( D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Esther Vidal Pandelo)

-Suplente 2º vogal: A Traballadora social do Concello de Vilasantar (D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Montserrat Varela Vázquez)

Secretaria: a do Concello D<sup>a</sup> Rebeca Vázquez Vázquez ou funcionario nomeado en caso de ser necesaria a súa substitución.

A Comisión non poderá constituírse sen a asistencia de polo menos tres membros sendo preciso en todo caso a asistencia do Presidente e da Secretaria.





A cualificación dos méritos para o concurso oposición realizarase pola Comisión seleccionadora, axustándose aos criterios que establece o Anexo I destas bases, que publicará no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello a relación de aspirantes presentados/as coa puntuación obtida. Tras a valoración da proba de oposición e suma da puntuación de oposición e a puntuación dos méritos valorados do concurso a Comisión elevará á Alcaldesa- Presidenta a correspondente proposta de contratación a favor do/a candidato/a que obtiveran a maior puntuación.

En caso de empate desfaríase o empate en función do/a candidato/a que teña máis puntuación na fase de oposición, de persistir o empate este desfaríase en función da maior puntuación no concurso, de persistir, desfaríase por sorteo.

Se algún dos/as candidatos/as inicialmente propostos renunciase á contratación ou non puidese acreditar os requisitos necesarios, a proposta de contratación da Comisión seleccionadora sería a favor dos seguintes con maior puntuación total, permitíndose a creación de bolsa por decreto de Alcaldía para a cobertura de posibles vacantes, sempre que os aspirantes obtivesen polo menos 14 puntos sumadas ás puntuacións do concurso e da oposición como requisito para formar parte de dita bolsa de emprego que terá duración ata 31/12/2015.

#### **Quinta.- Formalización e duración do contrato**

O contrato formalizarase a requirimento da Administración acreditado presentado polos/as aspirantes

A) Certificado médico oficial, acreditativo de non padecer enfermidade ou minusvalía que impida exercer a función propia a desenvolver.

B) Declaración xurada de non estar incurso en incompatibilidade para ser persoal da/s Administración Pública e non ter sido separado do servizo público.

#### **Sexta.- Incidencias**

A Comisión Seleccionadora queda autorizada para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar os acordos necesarios para o bo funcionamento do concurso oposición en todo o non previsto nestas Bases.

#### **Sétima.- Dereito supletorio.**

O non previsto nestas bases estarase ó disposto na lexislación laboral vixente que resulte de aplicación, así como, normativa administrativa EBEP e demais normativa administrativa básica e de desenvolvemento aplicable en materia de selección de persoal o servizo das administracións públicas.

#### **Oitava.- Norma final.**

A presente convocatoria, as súas bases e tódolos actos administrativos que da mesma se deriven e das actuacións do tribunal, poderanos impugnar os interesados no caso e na forma dispostos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

## ANEXO I

### FASE DE CONCURSO ( MÁXIMO 6 PUNTOS)

#### Baremo de méritos para valorar o concurso

##### \* Formación (puntuación máxima 4 puntos)

- Valoraranse cursos de formación e perfeccionamento ( non valorando seminarios, congresos, xornadas, módulos, etc que non sexan cursos) relacionados co posto de traballo e os que teñan coñecementos relativos á atención de persoas maiores e/ou dependentes segundo se detalla a continuación: 2 puntos/ curso ata máximo de 4 puntos.
- Curso de prevención de riscos laborais: 1 punto.

Acreditación destes méritos mediante copias compulsadas dos correspondentes títulos ou diplomas.

\* Por ter máis de cinco anos de antigüidade no carne de conducir B ( motivando esta valoración na importancia da experiencia en conducción 0,50 por cada 5 anos máis de antigüidade ( 0 puntos se non se teñen máis de cinco anos de antigüidade e sen computar fraccións temporais) : máximo 0,50 por cada cinco anos a maiores de 5 anos de experiencia cun máximo de 1 punto.

### FASE DE OPOSICIÓN ( MÁXIMO 20 PUNTOS)

Consistirá na seguinte proba:

Desenvolvemento escrito dun cuestionario de 20 preguntas tipo test (valoración de 1 punto por cada pregunta correctamente contestada non restando as mal contestadas) durante un período máximo de 30 minutos que versará sobre o seguinte temario do que poderá obterse copia na páxina web do Concello ou en oficinas xerais na Casa Consistorial:

1.-Memoria de iniciativa pública Residencia Centro de día de Boimorto apartados 5 e 6 este referido a Regulamentos de funcionamento en vigor.

2.-Lei 39/2006 de 14 de decembro de autonomía persoal e atención a persoas en situación de dependencia.

3.- Lei 8/1997 de 20 de agosto de accesibilidade e supresión de barreiras na CCAA de Galicia.

4.- Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial.

Será necesaria a obtención de polo menos 10 puntos para ser valorada a proba e sumada ós méritos de concurso.

## ANEXO II

### MODELO DE INSTANCIA


D./Dna.....,con DNI número.....e domicilio a efectos de notificacións e comunicación en.....CP.....localidade.....telf.....

#### EXPÓN:

I.- Que ten coñecemento da convocatoria publicada e bases para a selección de condutor/a do servizo de transporte social adaptado e auxiliar de acompañamento da Residencia de persoas maiores e Centro de día de Boimorto

II.- Que está en posesión de todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases de selección

Polo exposto,



**SOLICITA:** Ser admitido ao correspondente proceso selectivo, aportando a estes efectos a documentación que se achega.

Lugar e data

Asdo.:

**DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA**

- Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade

.....  
.....  
.....

(no caso de ser necesario continuarase ao reverso enunciando a documentación que se achegue)

**SR. ALCALDESA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)”**

**TERCEIRO** .- Publíquese no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web anuncio deste procedemento de selección xunto con certificación deste decreto.

**CUARTO**.- Notifíquese o presente decreto ós recorrentes indicando que queda levantada a suspensión de execución deste proceso selectivo acordada en decreto 111/2015.

Boimorto dous de febreiro de dous mil quince

A Alcaldesa

Perante min:

A secretaria

Asdo.- Ana Ledo Fernández

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>

E para que conste onde proceda, expido a presente certificación, de orde e co visto e praxe da Sra. Alcaldesa, en Boimorto a dous de febreiro de dous mil quince.

Vº Pr.  
A Alcaldesa  
  
Asdo.- Ana Ledo Fernandez

